

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ARG	Artes gráficas	CSARG01	Deseño e xestión da produción gráfica	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1539	Xestión da cor	2025/2026	0	70	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	CELIA MARÍA MENÉNDEZ PAREDES, MARÍA GALICIA GARCÍA PATIÑO (Subst.)
Outro profesorado	MARÍA GALICIA GARCÍA PATIÑO

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Relaciona o fluxo de traballo gráfico coa xestión da cor necesaria, analizando as súas características e a súa configuración
RA2 - Organiza a calibración e o mantemento dos equipamentos de reprodución da cor, planificando operacións e tarefas de control
RA3 - Planifica os espazos e os perfís de cor normalizados, analizando formas impresoras e variables de impresión
RA4 - Realiza a creación dos perfís de cor, describindo os procedementos necesarios para a súa obtención
RA5 - Desenvolve o plan de traballo da xestión de cor, e establece a configuración e a especificacións dos procesos
RA6 - Determina as necesidades de adquisición e actualización de equipamentos relacionados coa cor, realizando comparativas e propostas

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identifícanse as fases de produción gráfica e indicáronse as súas características
CA1.2 Identifícanse as características do proceso de impresión
CA2.1 Identifícanse as normas e os protocolos de referencia para a calibración
CA2.7 Defíníronse as operacións de mantemento dos equipamentos de preimpresión
CA3.1 Avaliáronse as características de calidade da forma impresora
CA3.2 Validouse a correspondencia da forma impresora coas recomendacións do traballo

Criterios de avaliación do currículo
CA3.3 Deducíronse as variables de impresión nos pregos impresos
CA3.4 Especificáronse os espazos de traballo intermedios
CA3.6 Determinouse a necesidade de obtención de perfís non normalizados
CA4.2 Especificáronse as condicións de calibración dos equipamentos de visualización
CA4.8 Proxectouse o plan de creación de perfís, elaborando procedementos, tarefas e a periodicidade necesaria
CA5.4 Especificáronse os axustes e as condicións de realización das probas de cor
CA5.6 Determináronse os formatos de arquivo que cumpra utilizar nos fluxos de traballo
CA5.7 Valorouse a coherencia na reprodución da cor determinando os desaxustes e as súas posibles causas
CA6.1 Identificáronse as necesidades de actualización de equipamentos de medición e control da cor
CA6.2 Identificáronse as necesidades de adquisición de novos equipamentos de medición e control da cor
CA6.6 Decidíronse as necesidades formativas específicas para a utilización de ferramentas de xestión da cor

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Relaciona o fluxo de traballo gráfico coa xestión da cor necesaria, analizando as súas características e a súa configuración
RA2 - Organiza a calibración e o mantemento dos equipamentos de reprodución da cor, planificando operacións e tarefas de control
RA3 - Planifica os espazos e os perfís de cor normalizados, analizando formas impresoras e variables de impresión
RA4 - Realiza a creación dos perfís de cor, describindo os procedementos necesarios para a súa obtención
RA5 - Desenvolve o plan de traballo da xestión de cor, e establece a configuración e a especificacións dos procesos

Resultados de aprendizaxe do currículo

RA6 - Determina as necesidades de adquisición e actualización de equipamentos relacionados coa cor, realizando comparativas e propostas

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**Criterios de avaliación do currículo**

CA1.3 Rexistrouse a configuración dos fluxos de cor no proceso gráfico

CA1.4 Interpretáronse as condicións de observación dos impresos e das probas con respecto ás normas

CA1.5 Verificouse a calibración e o correcto funcionamento dos equipamentos de medición da cor

CA1.6 Rexistráronse as características de soportes e tintas, e comprobouse a súa certificación

CA2.2 Programáronse os procedementos de calibración dos sistemas de probas

CA2.3 Programáronse os procedementos de calibración dos sistemas de impresión dixital

CA2.4 Especificouse o proceso de calibración dos monitores

CA2.5 Planificáronse os procedementos de calibración de filmadoras, película e formas impresoras

CA2.6 Establecéronse as tarefas de control que aseguren a estabilidade dos equipamentos

CA3.5 Estableceuse o perfil de cor do proceso estandarizado máis adecuado

CA4.1 Realizáronse os axustes necesarios para a creación de perfís de cor nos dispositivos de entrada

CA4.3 Creáronse os perfís de cor de monitores e proxectores

Crterios de avaliación do currículo
CA4.4 Avaliáronse os valores das variables dos sistemas de impresión convencional
CA4.5 Estableceuse o procedemento de creación dos perfís nos procesos de impresión convencional
CA4.6 Realizouse a creación do perfil de impresión, establecendo as condicións de impresión e axustes
CA4.7 Validouse a precisión dos perfís creados ou seleccionados
CA5.1 Establecéronse as especificacións de transformación de cor
CA5.2 Proxectouse a sistemática de traballo referente á xestión de cor
CA5.3 Definiuse a configuración de xestión de cor en aplicacións e servidores
CA5.5 Documentouse a resolución de problemas técnicos que xurdan na xestión de cor
CA6.3 Valoráronse as necesidades de actualización do software de xestión de cor
CA6.4 Supervisouse o proceso produtivo para garantir o cumprimento do prazo de entrega e das especificacións de calidade
CA6.5 Realizáronse propostas de adquisición de equipamentos e aplicacións informáticas para o tratamento e reprodución da cor

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

PROBA TEÓRICA. Consta dun cuestionario de preguntas que poden ser: tipo test, pregunta curta e/ou desenrolo.

Para superar a proba teórica debese acadar como mínimo, o 50% da nota.

A proba representa o 50% da nota.

PROBA PRÁCTICA. Consta da realización de dous exercicios prácticos relacionados co currículo.

Para superar a proba práctica debese acadar como mínimo o 50% da nota en cada un dos exercicios.

A proba representa o 50% da nota.

Segundo o artigo 13.3 a) da Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de Formación Profesional dos establecidos ao abeiro da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a primeira parte da proba terá carácter eliminatorio.

Así, o alumno realizará en primeiro lugar a proba teórico-escrita. Para poder presentarse á proba práctica será indispensable ter a parte teórica aprobada, é dicir, ter unha nota de 5 puntos ou máis. Cando o alumno non supera unha das partes a calificación máxima que poderá obter é un 4.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

- Proba teórico-escrita: puntuará de 0 a 10.

Constará de preguntas tipo test, preguntas curtas e/ou preguntas a desenrolar.

O tempo máximo para a realización da proba teórica é de 1 hora.

Para superar o exercicio, será necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos.

Para a realización da proba teórico-escrita o alumno soamente necesitará un bolígrafo de tinta azul ou negra.

Normas:

- Non se permitirá o acceso a aula unha vez comezada a proba.

- Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar dispoñible enriba da mesa durante todo o exame.

- A ubicación durante a proba a determinará o examinador/a á chegada dos aspirantes.

- Non se permitirán acceso con bolsos e carpetas, que se deixarán na entrada da aula.

- Non se permitirá o uso de móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico.

- Dende o inicio ata o final se debe permanecer en silencio.

O incumprimento de calquera das devanditas normas suporá a calificaci

4.b) Segunda parte da proba

- Proba práctica: puntuará de 0 a 10.

A proba constará de dous exercicios prácticos. Todos os exercicios puntuaranse de 0 a 10.

Para calcular a nota final do exame práctico realizarase a media dos dous exercicios sempre e cando o alumno acade unha nota mínima de 5 en cada un dos exercicios propostos.

Cando o alumno non supere un dos exercicios a calificación máxima que poderá obter no conxunto da proba práctica é un 4.

A duración máxima da proba práctica será de 2 horas.

Para a realización da proba práctica o alumno soamente necesitará un bolígrafo de tinta azul ou negra.

Normas:

- Non se permitirá o acceso a aula unha vez comezada a proba.
- Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar dispoñible enriba da mesa durante todo o exame.
- A ubicación durante a proba a determinará o examinador/a á chegada dos aspirantes.
- Non se permitirán acceso con bolsos e carpetas, que se deixarán na entrada da aula.
- Non se permitirá o uso de móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico.
- Non se poderá conectar dispositivos de almacenamiento extraíble ao ordenador nin a conexión a páxinas web.
- Dende o inicio ata o final se debe permanecer en silencio.

O incumprimento de calquera das devanditas normas suporá a calificación de 0 na proba.